



Todo a punto en Cuntis para o I RallyMix

Este próximo fin de semana, días 11 e 12 de marzo, en Cuntis - Pontevedra, celébrase o I RallyMix Cuntis Vila Termal. A proba, que será a primeira do calendario no Campeonato Galego de RallyMix, foi presentada no auditorio Xosé Raído Patelas para todo o público Cuntiense.



Preto de 100 persoas asistiron á presentación do RallyMix. Foto: ENE-A Fotógrafos.

Organizado pola Escudería Cuntis Vila Termal, O RallyMix constará dun único tramo de 13,940 metros polo que se farán cinco pasadas. Contará con dúas mangas cronometradas desde as 12:30 horas do sábado 11 de marzo e outras tres previstas para o domingo 12 desde as 9:00 horas.



Na presentación de onte, douse conta do ambicioso plan de seguridade con 52 puntos de control, 2 equipos médicos de asistencia, ambulancias e vehículos de excarcelación e anti-incendios. Así mesmo fixéronse públicos os accesos ó tramo, xa que cabe recordar que o percorrido da proba é totalmente secreto ata primeira hora do sábado.



Pisando a fondo en promoción.

A organización apostou desde un primeiro momento pola promoción da proba: O spot [#OlloConPepe](#), conseguiu que o protagonista do famoso video fose entrevistado en múltiples xornais, emisoras de radio e incluso ata participar no programa Bamboleo da TVG. Pepe “Mieres”, que asistiu á presentación deste luns, confirmou unha vez máis que vai participar na proba, acompañado do alcalde de Cuntis, Manuel Campos Velay e labores de copilotaxe.



Pepe “Mieres” e o Alcalde Manuel Campos Velay. Foto: ENE-A Fotógrafos.

A proba automobilística será retransmitida en directo por Radio Estrada 107.7FM en colaboración co equipo de Dani Bodaño. Os afeccionados presentes no tramo, ou desde as súas casas, poderán disfrutar de entrevistas en directo cos pilotos, seguir os tempos realizados polos participantes, e coñecer todas as incidencias que ocorran na proba. Incluso os que se atopen fóra de Galicia poderán seguir a retransmisión a través de internet accedendo á web de Radio Estrada. www.radioestrada.com

Como nos grandes Premios

Para disfrute dos pilotos, ademáis dun fermoso tramo polo Concello de Cuntis con case 14km de percorrido donde se alternan pistas de terra e asfalto, os pilotos gozarán de todo un pódium de saída ó estilo de los grandes premios.

A organización disporá para o público dun aparcamento de alta capacidade ubicado nas inmediacións do Pabillón Municipal Pedro Campos. O “parque de Trballo” e o pódium de saída estarán ubicados na rúa Olimpio Arca.

Esperase unha boa participación e unha gran afluencia de público para esta primeira proba puntuable para o Campeonato Galego de RallyMix. Ademáis, para facilitar o traballo dos medios, haberá unha plataforma elevada de 40m que estará a disposición de todos os repoteiros gráficos acreditados.

Gabinete de Prensa

ESCUDERÍA CUNTIS VILA TERMAL

